

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de contido teórico práctico da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

1. Antes de aprobar o proxecto, os órganos de contratación deberán solicitar informe das correspondentes oficinas ou unidades de supervisión do proxecto encargadas de comprobar que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a normativa técnica que resulten de aplicación para cada tipo de proxecto, cando o orzamento base de licitación do contrato de obras sexa:

- A) Igual ou superior a 200.000 euros, IVE incluído.
- B) Igual ou superior a 500.000 euros, IVE incluído.
- C) Igual ou superior a 200.000 euros, IVE excluído.
- D) Igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído.

2. Conforme ao Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal fixo efectuarase con carácter xeral:

- A) Polo procedemento de concurso de méritos.
- B) Polo procedemento de oposición.
- C) Polo procedemento de concurso oposición.
- D) Polo procedemento de libre designación

3. ¿A quen corresponde aprobar os regulamentos para desenvolver e executar as leis de Galicia?

- A) Ao Goberno da Nación
- B) Ao Parlamento de Galicia
- C) Á Xunta de Galicia
- D) Ás Cortes Xerais

4. Segundo o artigo 16 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a progresión de grao, categoría, escalón ou outros conceptos análogos, sen necesidade de cambio de posto de traballo consiste en:

- A) Promoción interna vertical.
- B) Promoción interna horizontal.
- C) Carreira horizontal.
- D) Carreira vertical.

5. A historia clínica electrónica en Galicia é:

- A) É un sistema de información clínica dispoñible para un paciente, independente do hospital, clínica e/ou centro de saúde de Galicia no que se ten rexistrado.
- B) É o rexistro unificado de todas as consultas, intervencións cirurxicas, probas diagnósticas, prescricións farmacolóxicas, etc. realizadas a un paciente nos diferentes niveis asistenciais que compoñe o Servizo Galego de Saúde
- C) A través dun aplicativo informático que se chama IANUS.
- D) Todas son correctas

6. Segundo o artigo 104.2 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, as auditorías, en función dos obxectivos e alcance que se establezan para cada control, poderán ser das seguintes tipoloxías. (marque o INCORRECTO):

- A) Auditoría financeira.
- B) Auditoría de cumprimento.
- C) Auditoría operativa.
- D) Auditoría correctiva.

7. O método que se utiliza habitualmente para a xestión de stocks de produtos perecedoiros é:

- A) FIFO
- B) LIFO
- C) PMP
- D) VOP

8. Segundo o artigo 51 da Lei 55/2003 do Estatuto Marco, o persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido entre o fin dunha xornada laboral e o comezo da seguinte de:

- A) 8 horas.
- B) 10 horas.
- C) 12 horas.
- D) 14 horas.

9. De acordo co artigo 100 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, salvo disposición en contrario, é:

- A) O prezo do contrato.
- B) O valor estimado do contrato.
- C) O valor de referencia do contrato.
- D) O orzamento base de licitación do contrato.

10. Dona María, enfermeira fixa que desempeña as súas funcións no centro de saúde de Betanzos e con domicilio na cidade da Coruña, recibe a noticia do falecemento do seu cuñado que ten a súa residencia en Santiago de Compostela. Cantos días de permiso por falecemento de familiar lle corresponde?:

- A) 5 días hábiles.
- B) 4 días hábiles.
- C) 3 días hábiles.
- D) 2 días hábiles.

11. Unha resolución administrativa que denegue unha solicitude de ampliación dun prazo ¿é obxecto de impugnación?

- A) Sí, é susceptible de recurso de alzada ou potestativo de reposición segundo corresponda
- B) Sí, é susceptible de recurso contencioso-administrativo
- C) No, fronte as resolucións que resollen unha solicitude de ampliación de prazo non cabe recurso algún
- D) Ningunha das anteriores é correcta

12. En relación ao CMBD, sinale a incorrecta:

- A) Los GRD (grupos relacionados polo diagnóstico) fórmanse, entre outros, a partir da información dos CMBD.
- B) En España o seu desenvolvemento e aprobación levouse a cabo a través do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de saúde, e aprobouse en 1987, incorporándose nas distintas comunidades autónomas, con obrigado cumprimento dende 1992.
- C) CMBD son as siglas do Conxunto Mínimo Básico de Datos, e é unha base clínico administrativo de obrigado cumprimento para os hospitais do Sistema Nacional de Saúde. A partir de determinados informes sanitarios, as unidades de codificación dos centros hospitalarios, encárganse de recoller información básica como idade, sexo, diagnósticos, procedementos realizados, destino ao alta, estadía media, mortalidade, complicacións, etc.
- D) Todas as respostas son correctas.

13. Respecto á resolución do contrato, a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece no artigo 212 o seguinte:

- A) O órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato sen causa xustificada.
- B) Non é posible acordar a resolución do contrato nos casos de tramitación de urxencia ou emerxencia.
- C) A resolución por mutuo acordo só poderá ter lugar cando non concorra outra causa de resolución imputable ao contratista e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.
- D) O incumprimento das obrigacións derivadas do contrato por parte da Administración orixinará sempre a resolución de este.

14. A Orde de 20 de novembro de 2018 pola que se regula a dixitalización da documentación clínica en soporte papel que forma parte da historia clínica, establece no seu artigo 3 que:

- A) Debe levar sempre asociada unha sinatura electrónica recoñecida.
- B) É unha recopilación de información e non precisa sinatura electrónica.
- C) Debe imprimirse e asínase analóxicamente
- D) Asinarase polo Xerente do Área Sanitaria.

15. ¿Cal dos seguintes principios non recolle expresamente o artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno?

- A) Veracidade
- B) Non discriminación tecnolóxica nin ligüística
- C) Interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos
- D) Reutilización da información

16. En relación aos GRD, cal é a información incorrecta?

- A) A asignación básica dun GRD, médico ou cirúrxico, será, segundo exista ou non intervención cirúrxica no episodio de atención.
- B) A cada GRD asígnaselle un valor, chamado peso, que é unha medida do promedio de consumo de recursos dos pacientes incluídos en cada un deles.
- C) Os GRD son os grupos relacionados polo diagnóstico e a súa función é clasificar os episodios de hospitalización, sendo a súa asignación única e se forman a partir da información do propio centro hospitalario a través de CMBD. O que se pretende é calificar os pacientes en grupos segundo os recursos consumidos.
- D) A aplicación dos GRD é coñecer a actividade e o funcionamento do conxunto da sociedade dunha provincia en concreto.

17. Conforme ao artigo 5 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco, o persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo a:

- A) A función desenvolvida.
- B) Ao tipo do seu nomeamento.
- C) Ao nivel do título esixido para o seu ingreso.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

18. En relación á participación dos beneficiarios no prezo dos medicamentos, sinala a correcta?

- A) A porcentaxe de participación dos pensionistas pode ser dun, 0%, un 10% ou un 60% en función da renda.
- B) A porcentaxe de participación dos pensionistas é sempre do 10%
- C) A porcentaxe de participación dos pensionistas está entre un 0% e un 10%.
- D) Os pensionistas teñen os medicamentos gratís con independencia da súa renda.

19. En que consiste un mantemento preventivo?

- A) En reparar equipos ou instalacións despois dun fallo.
- B) En realizar un mantemento planificado para evitar fallos.
- C) No uso de datos e vixilancia para prever fallos e realizar o mantemento antes de que ocorran.
- D) En identificar e corrixir problemas durante as inspeccións.

20. Tal e como recolle o artigo 74 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o procedemento disciplinario debe axustarse aos principios de:

- A) Imparcialidade, transparencia e rapidez.
- B) Celeridade, inmediatez e economía procesual.
- C) Xustiza, equidade e proporcionalidade.
- D) Claridade, obxectividade e coherencia.

21. De acordo ó artigo 63 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ¿Como se inicia un procedemento sancionador?

- A) De oficio e sempre mediante denuncia, salvo que a norma reguladora do procedemento estableza outra forma de iniciación
- B) De oficio e sempre como consecuencia de orden superior
- C) Sempre de oficio por acordo do órgano competente
- D) De oficio a solicitude de persoa interesada

22. Don Juan é persoal de enfermería fixo nun Hospital do Servizo Galego de Saúde e acaba de acceder a unha praza de médico interno residente de Medicina Interna no mesmo Hospital. En que situación administrativa procede declaralo respecto a súa praza de enfermeiro conforme ao Estatuto Marco?:

- A) Servicio activo.
- B) Servizos especiais.
- C) Excedencia voluntaria.
- D) Suspensión de funcións.

23. Segundo o artigo 26 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia ¿ Por qué está integrado o Sistema Único de Rexistro?

- A) Polo Rexistro Electrónico Xeral
- B) Polas caixas de correo electrónico corporativo asignadas ao persoal empregado público
- C) Pola rede de oficinas de atención a cidadanía e rexistro
- D) As respostas A e C son correctas

24. As intervencións sobre unha máquina ou equipo cando a consecuencia dalgún fallo, deixou de prestar a calidade do servizo esperada, é o mantemento:

- A) Preventivo.
- B) Preditivo.
- C) Correctivo.
- D) Mellorativo.

25. Entre os dereitos á información asistencia NON se recolle:

- A) O dereito, do paciente, a que se respecte a súa vontade de non ser informado.
- B) O paciente debe ser informado sempre da situación da súa saúde, aínda que non o desexe.
- C) A información clínica forma parte de todas as actuacións asistenciais, será verdadeira, comunicarse ao paciente de forma comprensible e axeitada a súas necesidades e axudarlle a tomar decisións de acordo coa súa propia e libre vontade.
- D) Que o titular do dereito á información sexa o paciente.

26. Segundo o establecido no artigo 54 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, se a Lei de orzamentos xerais non fose aprobada polo Parlamento de Galicia antes do primeiro día do exercicio económico en que se deba aplicar:

- A) Deberáselle solicitar a Consellería de Facenda autorización para a execución do orzamento de conformidade co anteproxecto de orzamentos presentado para á aprobación da Xunta.
- B) Entenderanse automaticamente prorrogados os do exercicio inmediatamente seguinte.
- C) Prorrogaranse os do exercicio inmediatamente anterior, pero deberá solicitarse informe ao Consello da Xunta.
- D) Todas son falsas.

27. De acordo co artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno ¿qué información de relevancia xurídica debe facerse pública?

- A) O réxime xurídico dos distintos servizos públicos
- B) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten a vixencia ou interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente
- C) As ofertas públicas de emprego ou instrumento similar da xestión da provisión das necesidades de persoal
- D) Todas as respostas anteriores son correctas

28. Na lei 3/2001 do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes regúlase?

- A) A posibilidade de facer un testamento no propio hospital ante dúas testemuñas.
- B) A obriga de que un notario esté dispoñible no hospital para realizar consentimentos informados ante determinadas intervencións cirúrxicas con alta mortalidade.
- C) Que, ante un paciente que esté circunstancialmente incapacitado para tomar decisións, e por criterio do médico responsable da asistencia, o dereito de outorgar consentimento informado corresponderá a un comité clínico.
- D) Un documento de instrucións previas.

29. Segundo o artigo 3.2 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, a actividade económico–financeira da Comunidade Autónoma de Galicia rexerase por:

- A) Por esta lei e polas demais leis especiais e regulamentos correspondentes que sobre o asunto dite o Parlamento de Galicia.
- B) Por esta Lei e polas demais Leis especiais e regulamentos correspondentes que o Parlamento de Galicia dite na materia, así como polas normas regulamentarias que se diten no desenvolvemento desta lei.
- C) Por esta Lei e polas demais Leis especiais e normas correspondentes que dite o Parlamento de Galicia na materia, a Lei 47/2003, do 26 de novembro, de Xeral de Orzamentos, así como polas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- D) Por esta Lei e polas demais Leis especiais e normas concordantes que sobre a materia dite o Parlamento de Galicia. Polas Leis de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma. Polas normas regulamentarias ditadas no desenvolvemento desta lei.

30. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia?

- A) O Sistema público de saúde de Galicia ordénase territorialmente en áreas sanitarias, en distritos sanitarios e en zonas sanitarias.
- B) A división territorial do sistema público de saúde de Galicia estrutúrase en 7 áreas Sanitarias.
- C) O ámbito xeográfico de cada área sanitaria establecerase no correspondente mapa sanitario, que será aprobado por decreto do Consello da Xunta.
- D) Todas as respostas son correctas.

31. De conformidade co disposto no artigo 4 do Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia, os residuos de vacinas con axentes vivos ou atenuadas inclúense en:

- A) Clase III.
- B) Clase II b.
- C) Clase II a.
- D) Clase IV.

32. Sinale a resposta correcta en relación ao principio de autotutela executiva

- A) Faculta á Administración á execución dos seus actos, servindo o propio acto administrativo de título executivo, sen necesidade de requirir a colaboración dos Xulgados e/ou Tribunais
- B) Faculta á Administración á execución dos seus actos pero debe requirir a colaboración dos Xuzgados e/ou Tribunais
- C) Implica que o acto da Administración presúmese válido con presunción iuris tantum mentres non se destrúa esa presunción
- D) Implica que o acto administrativo presúmese válido con presunción iures el de iure

33. As instrucións sobre a confección de nóminas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, regúlanse mediante:

- A) Decretos da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- B) Ordes da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- C) Decretos da Consellería Sanidade.
- D) Por Orde da Consellería Sanidade.

34. O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde (CISNS9)?

- A) Serve para dar cohesión ao sistema e garantir os dereitos cidadáns en todo o territorio.
- B) Ten natureza xurídica de conferencia sectorial.
- C) Todas as respostas son correctas.
- D) É o órgano de cooperación e intercomunicación dos servizos de saúde das comunidades autónomas entre si e coa administración do Estado.

35. Segundo a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, está excluída do réxime de incompatibilidades:

- A) O desempeño dun posto de traballo como profesor universitario asociado.
- B) O desempeño de actividades privadas de calquera índole.
- C) A participación en tribunais cualificadores de probas selectivas para o ingreso nas administracións públicas.
- D) A pertenza non retribuída a consellos de administración ou entidades privadas.

36. O doutor García, facultativo do Servizo Galego de Saúde, acábanlle de recoñecer a compatibilidade para realizar a actividade na súa especialidade nunha clínica privada. Dita compatibilidade foi resolta por:

- A) A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
- B) A Consellería de Presidencia e Administración Pública.
- C) A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.
- D) A Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda.

37. ¿Segundo o artigo 39 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando producen efectos os actos das Administracións Públicas suxeitos a dereito administrativo?

- A) Desde a data da súa publicación no diario ou boletín oficial que corresponda
- B) Desde a data da notificación á persoa interesada
- C) Desde a data en que se diten, salvo que neles dispóñase outra cousa
- D) Desde o día seguinte á data na que foron ditados, salvo que neles dispóñase outra cousa

38. Entre os principios rectores da Constitución Española está?

- A) O derito á protección da saúde.
- B) O dereito á vida.
- C) O dereito á integridade física.
- D) O dereito a sindicarse libremente.

39. De conformidade co artigo 74 do exto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, o órgano competente para a ordenación xeral dos pagamentos da Comunidade, podendo delegar a dita competencia de acordo cos procedementos legais aplicables será:

- A) Consello da Xunta.
- B) Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- C) Conselleiro de Economía e Facenda.
- D) Consellería competente por razón da materia sobre a cal versa o gasto.

40. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Que organismo desenvolverá as actividades de planificación, deseño de programas de formación e modernización dos recursos humanos do Sistema Nacional de Saúde?:

- A) O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- B) A Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.
- C) O Ministerio de Sanidade e Consumo.
- D) O Foro Marco para o Diálogo Social.

41. Que tipo de prestacións familiares inclúense na acción protectora?:

- A) Só as contributivas.
- B) Só as non contributivas.
- C) As contributivas e non contributivas.
- D) Ningunha das respostas anteriores son correctas.

42. Conforme ao artigo 2 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, sinala cal das seguintes respostas NON é un principio básico da provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) O principio de planificación eficiente das necesidades de recursos humanos.
- B) O principio de estabilidade do persoal no conxunto do Sistema Nacional de Saúde.
- C) O principio de integración do persoal no réxime organizativo e funcional do Servizo Galego de Saúde e das súas institucións e centros.
- D) O principio de capacidade.

43. ¿A potestade discrecional da Administración conta con algún elemento regrado?

- A) Sí, a atribución legal e a competencia do órgano que emite o acto discrecional
- B) Sí, a motivación da decisión expresada no acto discrecional e o fin perseguido
- C) As respostas A e B son correctas
- D) Non, a potestade discrecional non ten límite

44. Cal é o obxecto establecido no artigo 1, da Lei 44/2003, de 21 novembro, de ordenación das profesións sanitarias?

- A) Regular os aspectos básicos das profesións sanitarias tituladas no que se refire ao seu exercicio por conta propia ou allea, á estrutura xeral da formación dos profesionais, ao desenvolvemento profesional destes e a súa participación na planificación e ordenación das profesións sanitarias.
- B) O establecido na resposta A, pero tamén se refire ás profesións non sanitarias que traballen no ámbito sanitario.
- C) O establecido na resposta A, pero só para o caso de traballar por conta allea, non para o traballo por conta propia.
- D) O establecido na resposta A, pero para profesións sanitarias tituladas e non tituladas.

45. Segundo o disposto no artigo 6 do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, a elaboración dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma corresponderalle a:

- A) A Consellería de Economía e Facenda.
- B) O Parlamento de Galicia.
- C) O Consello da Xunta.
- D) Cada unha das Consellerías.

46. De acordo co establecido no artigo 139 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, a quen corresponde o recoñecemento do dereito ao alta e á baixa no réxime xeral?:

- A) Ao organismo competente da Administración da Seguridade Social e aos empresarios.
- B) Ao empresario e, no seu caso aos traballadores.
- C) Ao organismo da Administración da Seguridade Social que regulamentariamente se estableza.
- D) Ao Instituto Nacional da Seguridade Social.

47. ¿En cal dos seguintes supostos podería suspenderse a execución dun acto administrativo fronte ao que se interpuxo un recurso administrativo?

- A) Cando a impugnación se fundamente nalgunha das causas de anulabilidade regulada no artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- B) Cando o acto impugnado teña un contido imposible
- C) Cando o acto impugnado careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin
- D) En ningún caso porque a interposición dun recurso administrativo non suspende a execución do acto impugnado

48. De conformidade co artigo 59 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os créditos destinados a cubrir gastos que no último día do exercicio orzamentario non estean afectados polo cumprimento das obrigas recoñecidas.

- A) Incorporaranse automaticamente aos orzamentos do exercicio seguinte, salvo as excepcións contempladas no artigo 71 da presente lei.
- B) Poderán xerar dereitos a favor de terceiros.
- C) Quedarán anuladas de pleno dereito, salvo as excepcións contempladas no artigo 71 desta lei.
- D) Correrá a cargo do órgano encargado de fiscalizar do gasto correspondente a esa anualidade.

49. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia, poden as organizacións sindicais participar na programación e execución do plan de formación continuada do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde?

- A) Si, a lei establece que participen na programación.
- B) Non, é exclusivo da organización do Servizo Galego de Saúde.
- C) O programa de formación continuada realízao o Estado en colaboración coas Comunidades Autónomas.
- D) Non hai un programa de formación no Servizo Galego de Saúde, corresponde á Xunta de Galicia a través da EGAP.

50. Segundo o establecido no artigo 73 do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, o acto en virtude do cal se acorda, concerta ou determina, se é o caso, unha vez concluídos os trámites que de acordo a dereito procedan, a contía concreta que deberá alcanzar o compromiso económico para a realización de todo tipo de prestacións é:

- A) A autorización do gasto.
- B) O recoñecemento da obriga.
- C) A ordenación do pagamento.
- D) A disposición do gasto.

51. Se se presentou un recurso de alzada fronte a unha resolución sancionadora, o recurso está sen resolver e non transcurriu o prazo para resolvelo expresamente ¿procede executar a sanción?

- A) Sí, porque coa interposición do recurso de alzada esgótase a vía administrativa
- B) Sí, porque as sancións son inmediatamente executivas
- C) Non, porque habería que esperar a que se resolvese o recurso de alzada
- D) Non, ata que non se constate que o interesado non interpuxo recurso contencioso-administrativo

52. De conformidade co disposto no artigo 4.3 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, o órgano encargado do exercicio das funcións de control interno e contabilidade reguladas nesta lei será:

- A) O Tribunal de contas.
- B) O Parlamento de Galicia.
- C) O Consello de Contas.
- D) A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

53. O artigo 52 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, dispón que o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, acompañado da documentación establecida no apartado 5 do artigo anterior, remitirase ao Parlamento de Galicia para os efectos do artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- A) Antes do 20 de outubro.
- B) Antes do 1 de outubro.
- C) Antes do 1 de xullo.
- D) Antes do 20 de setembro.

54. ¿Para quen é accesible a información recollida no expediente persoal electrónico dos profesionais do sistema público de saúde de Galicia?

- A) Para calquera empregado público que teña a condición de persoal estatutario
- B) Para calquera profesional das institucións sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia
- C) Para o persoal dos servizos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade cuxas funcións, por razón das súas competencias, garden relación co Expedient-e
- D) Para o persoal designado validador polo procedemento establecido para tal fin pola Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde

55. Segundo o artigo 66 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, sinala cal é a entidade xestora responsable de xestionar e administrar as prestacións económicas da Seguridade Social:

- A) A Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS).
- B) O Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).
- C) O Instituto Social da Mariña. (ISM).
- D) O Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).

56. De conformidade co disposto no artigo 56.2 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, os créditos autorizados nos programas de gastos destinados a gastos de persoal, salvo os que se refiran a incentivos ao rendemento, serán vinculantes a nivel de:

- A) Capítulo.
- B) Artigo.
- C) Concepto.
- D) Subconcepto.

57. De acordo co artigo 107 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a garantía definitiva será do:

- A) 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE.
- B) 5% do prezo final ofertado, incluído o IVE.
- C) 3% do prezo final ofertado, excluído o IVE.
- D) 3% do prezo final ofertado, incluído o IVE.

58. Segundo o Decreto 48/2023, do 20 de abril, de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na Comunidade Autónoma de Galicia?

- A) As persoas titoras de apoio son profesionais especialistas en servizo activo que contribúen ao proceso de ensino e aprendizaxe dos/as residentes segundo o contido estruturado do seu programa formativo, asumindo a orientación, coordinación, supervisión e control das actividades realizadas pola persoa residente durante as rotacións obrigatorias establecidas nos programas formativos da diferentes especialidades e participando activamente na súa avaliación, en coordinación coa persoa titora principal.
- B) O colaborador ou colaboradora docente é o/a profesional en servizo activo, pertencente aos diferentes dispositivos da unidade docente nos que o/a especialista en formación realiza as rotacións establecidas no programa da correspondente especialidade, que participa no proceso de adquisición de competencias incluídas no programa correspondente, asumindo a orientación, a supervisión e o control das actividades que realiza durante as devanditas rotacións.
- C) O coordinador ou coordinadora docente é un profesional dun centro sanitario docente ou unidade docente, acreditado para a formación de persoas residentes, que, con independencia das tarefas de titoría ou colaboración que poida ter encomendadas, desenvolve funcións de coordinación tanto de grupos de persoas tutoras como de residentes ao obxecto de facilitar un adecuado desenvolvemento da actividade docente.
- D) Todas as respostas son correctas

59. Sinale a resposta correcta

- A) As normas xurídicas contidas nos tratados internacionais son directamente aplicables en España e pasan a formar parte do ordenamento interno unha vez sexan publicadas no Diario Oficial da Unión Europea
- B) As normas xurídicas contidas nos tratados internacionais son directamente aplicables en España e pasan a formar parte do ordenamento interno unha vez sexan autorizadas polas Cortes Xerais
- C) As normas xurídicas contidas nos tratados internacionais son directamente aplicables en España e pasan a formar parte do ordenamento interno unha vez sexan publicadas no Boletón Oficial do Estado
- D) As normas xurídicas contidas nos tratados internacionais son directamente aplicables en España e pasan a formar parte do ordenamento interno unha vez autorizadas polas Cortes Xerais e publicadas no Boletón Oficial do Estado

60. O período inicial de recoñecemento da prestación por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave será dun mes, prorrogable por períodos de dous meses, cando subsista a necesidade do coidado do menor. Estas prórrogas acredítanse:

- A) Con autorización expresa do servizo de Inspección Médica.
- B) Con informe dun facultativo do Servizo Público de Saúde responsable da asistencia médica do menor.
- C) Con informe dun facultativo médico Pediatra colexiado na Comunidade Autónoma onde residen.
- D) Prorróganse automaticamente ata a alta médica do menor ou cando cumpra 18 anos.

61. A Lei Xeral de Sanidade establece que:

- A) A ordenación territorial dos Servizos será competencia das Comunidades Autónomas e basearase na aplicación dun concepto desintegrado de atención á saúde.
- B) As Comunidades autónomas delimitarán e constituirán no seu terriotiro demarcacións denominadas Servizos de Saúde.
- C) As Administracións territoriais intracomunitarias non poderán crear ou establecer novos centros ou servizos sanitarios, senón de acordo con os plans de saúde de cada Comunidade Autónoma e previa autorización da mesma.
- D) A competencia do control sanitario dos cemiterios e da policía sanitaria mortuoria é do Estado.

62. Segundo a Lei de saúde de Galicia, a atención de urxencia:

- A) Préstase ao paciente nos casos en que a súa situación clínica obriga a unha atención sanitaria inmediata. Dispensarase nos Servizos de Urxencias dos Hospitais, en exclusiva.
- B) Préstase ao paciente nos casos en que a súa situación clínica obriga a unha atención sanitaria inmediata. Dispensarase tanto en centros sanitarios como fóra dos mesmos, incluíndo o domicilio do paciente, durante as vinte e catro horas do días, mediante a atención médica e de enfermería.
- C) Préstase ao paciente nos casos en que a súa situación clínica é urxente. Dispensarase nas urxencias dos hospitais e nos Puntos de Atención Continuada.
- D) Préstase ao paciente nos casos en que súa situación clínica é urxente. Préstaa o 061 en Galicia.

63. Segundo o artigo 7 do Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia, a xestión dos residuos de cortantes e punzantes da clase II a :

- A) Realizarase en contedores vermellos e herméticos.
- B) Realizarase en calquera envase con dispositivo de seguridade.
- C) Realizarase en contedores sinalados mediante un pictograma que represente unha caveira sobre tibias cruzadas.
- D) Realizarase de igual modo que a dos residuos sanitarios da clase III.

64. O artigo 51.3 do Texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, relativo ao anteproxecto de orzamentos de ingresos da Comunidade Autónoma, establece que:

- A) A Axencia Tributaria de Galicia elaborará o anteproxecto de orzamentos de ingresos da Comunidade Autónoma no que se inclúa a estimación dos recursos derivados das súas fontes xerais de financiamento.
- B) Os órganos estatutarios da comunidade autónoma e das consellerías remitirán á Consellería de Economía e Facenda as seus respectivos estados de ingresos debidamente documentados antes do 1 de xullo.
- C) O anteproxecto de orzamentos de ingresos da Comunidade Autónoma, que inclúa a estimación dos recursos derivados das súas fontes xerais de financiamento, será elaborado pola Consellería de Economía e Facenda.
- D) Todas son correctas.

65. Se o Xulgado do Contencioso-Administrativo estima parcialmente un recurso contencioso-administrativo no que se impugna unha resolución desestimatoria dunha reclamación de responsabilidade patrimonial na que se interesaba unha indemnización de 100.000 euros e recoñece á parte demandante unha indemnización por importe de 80.000 euros ¿cabería interpoñer recurso ordinario de apelación?

- A) Sí, o poderían inperpoñer tanto a parte demandada como demandante porque a contía do asunto sería superior a 30.000 euros
- B) Sí, pero só podería interpoñelo a parte demandada xa que só o valor da súa pretensión na segunda instancia sería superior a 30.000 euros
- C) Non, porque a sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo no son susceptibles de recurso ordinario de apelación
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta

66. Que é o Dereito do Traballo?:

- A) Unha rama do dereito que regula exclusivamente o emprego público.
- B) O conxunto de normas que regulan as relacións laborais entre traballadores e empresarios.
- C) Un conxunto de principios morais aplicables ás relacións laborais.
- D) Un código de conduta sen efectos xurídicos nas empresas.

67. Segundo o artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nos contratos de emerxencia o prazo de inicio da execución das prestacións:

- A) Poderá ser superior a un mes contado desde que se adoptou o acordo, sempre que exista crédito adecuado e suficiente.
- B) Non poderá ser superior a un mes contado desde que se adoptou o acordo.
- C) Non poderá ser superior a quince días contado desde que se adoptou o acordo.
- D) Se se supera o mes desde o acordo adoptado sen que comezase, a execución tramitarase polo procedemento de urxencia.

68. De conformidade co artigo 77.5 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, qué prazo ten o órgano competente para aprobar ou proceder á reparación da conta rendida, desde a data de recepción da documentación a que se refiren os números anteriores deste artigo referida a pagos a xustificar:

- A) No transcurso dos 20 días seguintes.
- B) No transcurso dos dous meses seguintes.
- C) No transcurso de catro meses, salvo excepcións.
- D) Ningunha é correcta.

69. Na clasificación ABC, os artigos máis importantes para a xestión de aprovisionamento, forman aproximadamente o 20% dos artigos do inventario e, en conxunto, poden sumar ata o 80% do valor total das existencias, correspóndense coa:

- A) Clase A.
- B) Clase B.
- C) Clase C.
- D) Clase B e C.

70. Segundo o Decreto 48/2023, de 20 de abril, de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na Comunidade Autónoma de Galicia, no plan individual de formación figuran como competencias transversais que cada especialista en formación debe adquirir en cada ano están entre outras, as seguintes materias?

- A) A bioética, os determinantes sociais, a práctica baseada na evidencia, a seguridade de pacientes e de profesionais.
- B) As mesmas que a anterior, pero non a seguridade dos profesionais, dado que esta función corresponde en exclusividade á empresa.
- C) A bioética, os determinandos do paciente, a práctica baseada na evidencia, a seguridade de pacientes.
- D) A bioética, os determinantes da enfermidade, a práctica baseada na evidencia, a seguridade de pacientes e de profesionais.

71. O Servizo Galego de Saúde?

- A) É creado pola Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- B) É creado pola Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, como un organismo de natureza administrativa, sen personalidade xurídica, pero con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- C) É creado pola Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, como un organismo autónomo, dotado de personalidade propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- D) Ningunha resposta é correcta.

72. O modelo de xestión en España baséase nunha variante do modelo?

- A) Modelo Beveridge, que supón un acceso á saúde universal e é financiado a través dos orzamentos xerais do Estado.
- B) Modelo Bismarck, que consiste en financiar o sistema a través das cotizacións dos traballadores e empresarios, cubrindo o servizo mediante a beneficencia a aquelas persoas desempregadas.
- C) Modelo Bismarck, garante a sanidade gratuíta, universal e equitativa, e finánciase a través dos orzamentos xerais do Estado.
- D) Modelo Beveridge, que supón unha sanidade gratuíta, e se financia a través das cotizacións de traballadores e empresarios, pero non é universal.

73. Que órgano é o encargado de negociar as condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde?:

- A) O Comité de Empresa do Servizo Galego de Saúde.
- B) A Mesa Sectorial de Sanidade.
- C) O Foro de Participación Institucional de Sanidade.
- D) A Xunta de Persoal do Servizo Galego de Saúde.

74. Segundo o Plan Xeral de Prevención de Riscos Laborais no Servizo Galego de Saúde, os documentos de carácter organizativo nos que se describe co nivel de detalle necesario, como se desenvolve unha determinada actividade, establecendo o que hai que facer, quen é o responsable de facelo, as relacións entre as unidades implicadas e os rexistros para cumprimentar para evidenciar o realizado, estrutúranse en:

- A) O manual.
- B) Os procedementos.
- C) As instrucións de traballo.
- D) O rexistro.

75. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Pode, o goberno de Galicia realizar actividades de colaboración sanitaria con outros países e institucións internacionais sanitarias?

- A) Non. A sanidade exterior é competencia exclusiva do Estado.
- B) Só se pode se se poñen varias Comunidades de acordo e coa colaboración do Estado.
- C) So a través da Comisión Interterritorial de Saúde.
- D) Si, a través da Consellería de Sanidade, co obxectivo de lograr un impacto na saúde da poboación, e sen prexuízo do disposto na Ley 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade.

76. O principio de non afectación establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral de Orzamentos (art 27.3) esixe que:

- A) Todos os ingresos obtidos destínanse a financiar gastos específicos en función da súa procedencia.
- B) O orzamento de gastos nunca se destina a unha finalidade determinada.
- C) Todos os ingresos públicos, salvo excepcións establecidas pola lei, dedícanse a financiar gastos públicos de forma indistinta e global.
- D) Ningunha é correcta.

77. O obxecto da asistencia sanitaria da Seguridade Social é?

- A) A prestación dos servizos médicos e farmacéuticos necesarios para conservar e restablecer a saúde, así como a súa aptitude para o traballo
- B) Só a prestación dos servizos médicos necesarios para conservar e restablecer a saúde.
- C) Só previr as enfermidades.
- D) Prevención das enfermidades e tratamento das persoas enfermas co límite de 2 anos nos que se pasará á invalidez permanente total.

78. Segundo a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, as profesións sanitarias estrutúranse nos seguintes grupos:

- A) Nivel Licenciado e nivel Diplomado
- B) Nivel Catedrático, nivel Licenciado, nivel Diplomado.
- C) Nivel Licenciado.
- D) Nivel Doutoramento, nivel Licenciado e nivel Diplomado

79. En caso de suspensión de contrato por risco durante a lactación natural dunha traballadora fixa dun centro sanitario, a Seguridade Social toma como referencia para determinar a contía da prestación:

- A) As bases de cotización por continxencias profesionais do mes anterior á suspensión do contrato.
- B) A media das bases de cotización por continxencias profesionais do último ano.
- C) A media das bases de cotización por continxencias profesionais dos últimos seis meses anteriores á suspensión do contrato.
- D) A media da base de cotización por continxencia profesional dos meses da baixa maternal.

80. Entre os sistemas de saúde máis típicos están?

- A) Modelo universalista, modelo de seguro social e modelo privado.
- B) Modelo coxuntural, estrutural e congñitivo.
- C) Modelo americano, modelo europeo e modelo indio.
- D) Modelo colectivo, modelo unitario e modelo participativo.

81. No Servizo Galego de Saúde o acceso do paciente ás consultas de atención primaria son directas para:

- A) Médico de Familia.
- B) Farmacia de Atención Primaria.
- C) Matrona.
- D) Todas son correctas.

82. Defínese como aprovisionamento ao proceso de actuacións que se deben levar a cabo para cubrir as necesidades dos centros sanitarios referidas a:

- A) Os produtos sanitarios necesarios.
- B) Os produtos sanitarios e servizos necesarios para o seu funcionamento.
- C) Os recursos materiais, bens, obras ou servizos.
- D) As obras e servizos.

83. Nos órganos de dirección unipersonais das Áreas Sanitarias están, entre outros:

- A) Dirección de Atención Primaria.
- B) Dirección de Procesos de Soporte.
- C) Dirección de Enfermería.
- D) Todas son correctas.

84. De conformidade co artigo 2 da ORDE do 12 de marzo de 2014, pola que se regula o procedemento de reintegro dos gastos sanitarios con medios alleos, considerárase como causa de solicitude de reintegro dos gastos ocasionados pola asistencia sanitaria con medios alleos do Servizo Galego de Saúde, a derivada dunha situación:

- A) De carácter urxente, inmediato e de carácter vital.
- B) Poderase solicitar o reintegro dos gastos ocasionados por calquera asistencia sanitaria con medios alleos ao Servizo Galego de Saúde.
- C) Imprevista sen graves implicacións para a saúde.
- D) Ningunha é correcta.

85. De conformidade co artigo 46 bis do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta:

- A) Os suxeitos que integran o sector público autonómico orientarán a súa xestión económico–financeira a consecución da eficiencia na consecución dos obxectivos marcados e á eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos, nun marco de obxectividade e transparencia na súa actividade administrativa.
- B) Os suxeitos que integran o sector público autonómico orientarán a súa xestión económico–financeira a consecución da eficacia na consecución dos obxectivos fixados e a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, nun marco de obxectividade e transparencia na súa actividade administrativa.
- C) Os suxeitos que integran o sector público autonómico orientarán a súa xestión económico–financeira ao cumprimento do principio de transparencia na consecución dos obxectivos establecidos, nun marco de obxectividade e eficiencia na súa actividade administrativa.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

86. Na xestión de existencias nun almacén, a falta de dispoñibilidade dun produto no momento e localización en que é necesario, denomínase:

- A) Marxe comercial.
- B) Punto de pedido.
- C) Ruptura de stock.
- D) Rotación de stock.

87. Que se entende por "asistencia sanitaria" no ámbito da Seguridade Social?:

- A) O conxunto de servizos e prestacións económicas para cubrir continxencias laborais.
- B) O sistema de protección que garante o acceso a servizos médicos e farmacéuticos.
- C) As axudas económicas para persoas en situación de desemprego.
- D) As medidas de prevención de riscos laborais.

88. Segundo o establecido no artigo 99.1 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, se a Intervención manifesta desacordo co fondo dun expediente examinado, deberá formular o seu:

- A) Reparo por escrito.
- B) Acta de fiscalización.
- C) Recurso de queixa.
- D) Informe de actuación.

89. Respecto á vixilancia da saúde NON é correcto:

- A) As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaráanse a cabo tratando de respectar o dereito á intimidade e á dignidade da persoa traballadora.
- B) Os resultados da vixilancia e control da saúde dos traballadores serán comunicados aos traballadores afectados.
- C) Os datos relativos á vixilancia da saúde dos traballadores non poderán ser usados con fins discriminatorios nin en prexuízo do traballador.
- D) As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaráanse a cabo por persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditada.

90. A Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica. Cal destas opcións é correcta?

- A) Todo paciente ou usuario ten dereito a negarse ao tratamento, excepto nos casos determinados na Ley.
- B) O paciente ou usuario ten dereito a decidir libremente, despois de recibir a información adecuada, entre as opcións clínicas dispoñibles.
- C) Toda actuación no ámbito da sanidade require, con carácter xeral, o previo consentimento dos pacientes ou usuarios.
- D) Todas as opcións son correctas.

91. De conformidade co artigo 3 do DECRETO 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario, ao abeiro do artigo 134.2 do Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, e tendo en conta a procedencia do servizo, cal das modalidades de transporte que se establecen a continuación non é unha modalidade de transporte sanitario:

- A) Transporte sanitario público.
- B) Transporte sanitario privado.
- C) Transporte sanitario militar.
- D) Transporte sanitario oficial.

92. Segundo o disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os contratos de fabricación, polos que as cousas que teñan que ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas conforme características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, consideraranse:

- A) Contratos de servizos cando a entidade contratante se obrigue a achegar totalmente os materiais precisos e contratos de subministración cando non exista tal obrigación.
- B) Contratos de subministración cando a entidade contratante se obrigue a achegar totalmente os materiais precisos e contratos de servizos cando non exista tal obrigación.
- C) Contratos de subministración aínda cando a entidade contratante se obrigue a achegar total ou parcialmente os materiais precisos.
- D) Contratos de servizos aínda cando a entidade contratante se obrigue a achegar total ou parcialmente os materiais precisos.

93. Cal é a definición de Intranet?

- A) A palabra está mal escrita, é Internet.
- B) É un sistema operativo que se utiliza en medicina para operar.
- C) É unha folla de cálculo.
- D) É unha rede informática que utiliza a tecnoloxía do protocolo da Internet para compartir información, sistemas operativos ou servizos de computación dentro dunha organización.

94. Segundo o artigo 124 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o órgano de contratación aprobará os pregos e documentos que conteñan as prescricións técnicas particulares:

- A) Con posterioridade á autorización do gasto e da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da adxudicación.
- B) Sempre de forma conxunta coa autorización do gasto e da licitación.
- C) Con anterioridade á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e, sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación.
- D) Sempre con posterioridade á autorización do gasto.

95. De acordo co artigo 74 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, a Tesourería Xeral da Seguridade Social é:

- A) Un servizo común con personalidade xurídica propia, que actúa baixo os principios de estabilidade financeira e caixa única.
- B) Un servizo común sen personalidade xurídica propia, que actúa baixo os principios de solidariedade financeira e caixa única.
- C) Unha entidade xestora con personalidade xurídica propia, que actúa baixo os principios de solidariedade financeira e caixa única.
- D) Unha entidade xestora sen personalidade xurídica propia, que actúa baixo os principios de solidariedade financeira e caixa única.

96. A Lei Xeral de Sanidade?

- A) Non constitúe dereito supletorio naquelas Comunidades Autónomas que ditaran normas aplicables.
- B) Non estende a asistencia sanitaria pública a toda a poboación española.
- C) Permite ás Comunidades Autónomas crear os seus Servizos de Saúde fora del marco desta Lei.
- D) É unha norma básica e as Comunidades Autónomas poderán ditar normas de desenvolvemento e complementarias no exercicio das competencias que lles atribúen os correspondentes Estatutos de Autonomía.

97. De conformidade co establecido no artigo 43 da Lei 55/2003 do Estatuto Marco, sinala cal das seguintes afirmacións sobre retribucións complementarias NON é correcta:

- A) O Complemento de Carreira é o destinado a retribuír o grao alcanzado na carreira profesional.
- B) O Complemento de Produtividade é o destinado a retribuír a función desempeñada, a categoría, a dedicación, a actividade, o cumprimento de obxectivos, e a avaliación do rendemento e obxectivos.
- C) O Complemento Específico é o destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigo ou penosidade.
- D) O Complemento de Atención continuada é o destinado a remunerar ao persoal para atender aos usuarios dos servizos sanitarios de forma permanente e continuada.

98. De conformidade coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para os efectos da elaboración dos proxectos, as obras clasificaranse, segundo a súa finalidade e natureza, nos seguintes grupos (indicar o incorrecto):

- A) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou grandes reparacións.
- B) Obras de construción de infraestrutura.
- C) Obras de conservación e mantemento.
- D) Obras de demolición.

99. O artigo 215.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece en canto á subcontratación:

- A) Que non é posible nos contratos de carácter secreto ou reservado.
- B) Que os subcontratistas responderán solidariamente as obrigacións que contraia o contratista principal coa Administración.
- C) Que os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal.
- D) Que non cabe a subcontratación con dous ou máis empresarios.

100. De conformidade co artigo 68 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, as transferencias de crédito de calquera índole estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

- A) Non afectarán aos créditos ampliables nin aos créditos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- B) Non poderán ser reducidos os créditos incorporados como consecuencia de remanentes de exercicios anteriores, nin os que se incrementasen con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal.
- C) Non se poderán incrementar os créditos que a consecuencia de outras transferencias fosen obxecto de redución , salvo cando afecten a créditos de persoal.
- D) Todas son válidas.

Preguntas de reserva

1. O cadro de mando, como ferramenta de xestión das compras, serve para realizar o control da execución dese proceso e debe:

- A) Permitir unha análise en profundidade da información dispoñible e non dispoñible.
- B) Seleccionar a información máis relevante e clasificala por obxectivos.
- C) Recoller unha información completa e detallada.
- D) Recoller un conxunto coherente de indicadores, que proporcionen unha visión comprensible do proceso de compras aos responsables e ao equipo directivo, facilitándolles a toma de decisións.

2. Segundo o artigo 65 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, corresponderalle ao Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, e a iniciativa das consellerías correspondentes:

- A) Resolver os expedientes de modificacións orzamentarias, nos casos en que estes estean atribuídos aos titulares das distintas consellerías e exista discrepancia na consellería respectiva co informe da intervención delegada.
- B) Autorizar transferencias de créditos entre programas comprendidos en distintos grupos de funcións, correspondentes a servizos ou organismos autónomos da mesma consellería.
- C) Autorizar as incorporacións de crédito previstas no artigo 71 desta lei.
- D) Todas son válidas.

3. Segundo o disposto no artigo 7 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, as funcións executivas en materia de ordenación e control das institucións de crédito corporativo público e territorial e das Caixas de Aforros que operen no seu territorio, nos termos previstos no artigo 30 do Estatuto de Autonomía serán competencia de:

- A) O Consello da Xunta.
- B) A Consellería de Economía e Facenda.
- C) A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- D) O parlamento de Galicia.

4. Se unha notificación ten que realizarse na sede electrónica da Xunta de Galicia e por imposibilidade técnica non funciona o sistema de notificación electrónica Notifica.gal ¿como se pode actuar?

- A) A notificación non se poderá efectuar ata que non se restableza o sistema
- B) A notificación realizarase por medios non electrónicos se así o acordan conxuntamente o órgano que tramita o procedemento e a persoa interesada
- C) A notificación poderase efectuar, a xuízo do órgano que tramite o procedemento, por medios non electrónicos
- D) A notificación farase por medios non electrónicos e cando se restableza o sistema, tamén se efectuará a través de medios electrónicos

5. Organizar e xestionar o acceso das persoas usuarias da área sanitaria que corresponde ás prestacións asistenciais, facilitando que sexa dispensada de acordo cunhas demoras máximas nos tempos de resposta e garantindo o principio de equidade, independentemente do nivel asistencial en que se presten no Servizo Galego de Saúde, corresponde ao:

- A) Profesional de medicina que presta servizo en urxencias.
- B) Persoal de enfermaría de urxencias que realiza o cribado.
- C) Médico/a de admisión e documentación clínica.
- D) Director/a de Asistencia Sanitaria.

6. Conforme ao artigo 4 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, a provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde realizarase:

- A) Polos sistemas de selección de persoal, de promoción interna e de mobilidade.
- B) Polos sistemas de selección de persoal e interinidade.
- C) Polos sistemas de selección de persoal e substitución.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

7. O principio de legalidade recóllese no/s seguinte/s artigo/s

- A) Artigo 9.1 e 9.3 da Constitución Española
- B) Artigo 34.2 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- C) Artigo 3.1 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réximen xurídico do sector público
- D) Todas as respostas son correctas

8. De acordo co artigo 116 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ¿Cal dos seguintes supostos é causa de inadmisión dos recursos?

- A) Desestimarse en canto ao fondo do asunto outros recursos sustancialmente iguais
- B) Carecer o recurso manifiestamente de fundamento
- C) Carecer o recorrente de capacidade de obrar
- D) Non presentarse a través do Rexistro Electrónico

9. Cal é a estrutura mínima do CMBD?

- A) Datos de identificación do paciente, datos de identificación do episodio e datos clínicos.
- B) Datos da estrutura do hospital, datos sanitarios da poboación en xeral, datos de idade e sexo da poboación.
- C) Non existe o CMBD, en cambio si existe o GRD que son os grupos relacionados polo diagnóstico.
- D) Datos da estrutura directiva dun hospital. CMBD (Conxunto mínimo básico de directivos)

10. Segundo o artigo 2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o persoal docente e o persoal estatutario dos Servizos de Saúde rexeranse por:

- A) A lexislación específica ditada polo Estado.
- B) A lexislación específica ditada polas comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias.
- C) Segundo o previsto no Estatuto Básico do Empregado Público, agás o capítulo II do título III, agás o artigo 20, e os artigos 22.3, 24 e 84.
- D) Son todas correctas.